

---

# HORIZONTE ABERTO

Responsábel: Xosé-Martiño MONTERO

## A IGREXA EN EUSKADI

Por Bernardo REGAL LEDO

Nunha pequena enquisa feita en Bilbao a diferentes persoas, co obxecto de obter datos para esta presentación da Igrexa en Euskadi, un membro de ETA-V Asamblea respondía deste xeito á pregunta de si a Igrexa no País Vasco actuaba como elemento de liberación ou de asoballo: "Xa non ten forza abondo para poder asoballar". Poida que, máis por desgracia que por sorte, o dito mereza os seus reparos. Hai moitos que non pensan así. A Igrexa sigue tendo forza no país para ben ou/e para mal, a Igrexa está presente, a Igrexa "conta".

¿Cómo valorar esta presenza? Certamente, non é cousa doada falar da Igrexa de ningures. Pódense recoller algunhas actuacións por aquí e por alá, e, a traveso delas, emitir un xuicio. Pero tamén un pode dúbidar con razón da corrección de somellante sistema, pois a fe, que dá senso á realidade eclesial, non se presta a simplificacións superficiaes, baseadas en criterios de influxo, de poder, de forza, de efectividade. Compre ter isto moi en conta e considerar igualmente que a "Igrexa" non se confunde coa "Igrexa oficial".

Botando man, pois, dos resultados da devandita enquisa e dos recollidos a traveso de conversas directas, eis unha pequena película dos crentes euskaldúns.

### Un pobo

Un punto de partida elemental pra se decatarse do significado da presenza da Igrexa en Euskadi é a consideración da realidade vasca, unha realidade sen dúbida das máis ricas, problemáticas e interesantes que se dan en todo o estado español. Social, económica e politicamente o pobo vasco está moi desenrolado; o nivel cultural está tamén, en parte, a boa altura. Pero este pobo leva no seu cerne a vella ferida dun desexo xamais cumprido, as que se veu xuntar, xa desde hai tempo, unha nova expectación, condicionada polo desenrolo industrial;